



Rapaces/as e familias! Chegaron as vacacións de Semana Santa, así que, aproveitade estes días de máis descanso para disfrutar dos vosos e facer outras cousiñas tamén seguro que moi divertidas! Toca ocio caseiro e seguro que moitos tendes moi boas ideas e o estades a pasar xenial. Propoñemos algunhas ideas:

- ✚ Fotografiar os momentos en familia para a volta poder ensinar e compartir cos compañeiros e profes. Incluso se poden recoller eses momentos ou materiais nunha caixiña (poderíase decorar) para levar tamén despois á escola.
- ✚ Buscar un momento do día para practicar algo de deporte xa sexa con xogos ou seguindo algunha clase de exercicios en directo.
- ✚ Traballar as emocións imitando con mimica os emoticonos das caras do whatsapp ou apps sociais, e así identificar as diferentes emocións e pensar como actuar ante cada unha.
- ✚ Ver a túa película favorita con palomitas, gusanitos... ou o que máis vos apeteza no momento.
- ✚ Festa de disfraces: Halloween, Entroido, aniversario... o que máis nos apeteza!
- ✚ Adiviña adiviñanza: quen son? Ao xogador central lle poñen unha imaxe na fronte e a través de preguntas ten que adiviñar de qué se trata, só se pode responder sí/non.
- ✚ Xogos de mesa: seguro que tendes moitos por casa e senón, IMAXINACIÓN!
  - Parchís: <https://www.youtube.com/watch?v=JH3BFPT25jg>
  - Xogo dos corrais e outros: <https://www.youtube.com/watch?v=gyTgz1kSjXQ>
  - 3 en raia: <https://www.youtube.com/watch?v=p9YJvZcckqQ>
  - Xogos con tapóns (a dificultade escollédela vós): [https://www.youtube.com/watch?v=rHTM\\_-b0F6E](https://www.youtube.com/watch?v=rHTM_-b0F6E)
  - Xogos en galego: <https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/xogar-galego-posibilidade-real-confinamento/20200325134107093803.html>
  - Outros xogos: <https://www.youtube.com/watch?v=vWsiCAFlcx8>
- ✚ Teatro: marionetas, sombras, grabarnos dramatizando contos.
- ✚ Facemos unha cabana improvisada ou un forte.
- ✚ Karaoke!

- ✚ Xogar a adiviñas, trabalinguas ou acertixos.
- ✚ Baila! Pon música e móvete libremente coma se non existise nada máis.
- ✚ escoitar música, unha peza clásica, unha moderna, algo de blues, de jazz, techno, latina e española.
- ✚ Transpórtate a unha cidade descoñecida con google earth ou con visitas virtuais:  
<https://www.il-colosseo.it/es/visita-virtuale.php> (exemplo visita virtual de monumentos de Roma).
- ✚ Cociña e fai postres en familia! Bo proveito!

E sobre todo... DESCANSADE E DISFRUTADE! Por todo o esforzo que fixéchedes e seguides facendo.

**ÁNIMO!!**

**#QUEDADENACASA**

**Claustro CEIP PLURILINGÜE A MAGDALENA**